

Reto



Comeza un novo curso!

Se estás aquí é porque soubeches superar todos os obstáculos do curso pasado. Iso si, antes de comezar en serio, deberás demostrar que ninguén che regalou nada senón que o lograches polos teus propios medios.

A continuación atoparás 8 retos que che permitirán obter a clave correcta que abre o cadeado. Se logras dar con ela, obterás unha recompensa; se non, tes por diante un curso cheo de aprendizaxes.


Os retos están numerados. Podes resolvelos na orde que queiras, mais lembra que no cadeado deberás anotar o número que obteñas en cada un no lugar que corresponda.

Co teu esforzo e a miña axuda poderás acadar os obxectivos que te propoñas.


Atrévete?




Nome e apelidos:




Nome e apelidos:




Nome e apelidos:




Nome e apelidos:




Nome e apelidos:



Nome e apelidos:



Prexuizos eu?



A continuación tes unhas afirmacións sobre a lingua galega. Deberás identificar aquelas que non se correspondan con datos obxectivos senón que resulten de prexuizos que cren certos algunhas persoas.

No recadro correspondente a este 1º reto deberás anotar cantas destas afirmacións son prexuizos.

- No mundo fálanse máis de 5000 linguas. O galego está entre as 200 máis faladas.
- O galego, como calquera lingua, pode ser utilizado en calquera contexto.
- Fóra de Galicia ninguén emprega o galego para comunicarse.
- Os poderes públicos de Galicia deben garantir o uso normal e oficial dos idiomas oficiais no seu territorio e potenciarán o uso do galego en todos os ámbitos e disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
- Ser bilingües, en galego e castelán, supón unha vantaxe con respecto a persoas monolingües.
- É mellor ser bilingüe castelán-inglés ca castelán-galego.
- O galego é a lingua propia de Galicia.
- O galego é unha lingua apropiada para as materias de letras, pero non para as de ciencias.
- Non é útil usar a lingua galega nas redes sociais porque a maioría das persoas que as usan non saben falala.
- É complicado vivir en Galicia en galego porque a presenza desta lingua é limitada: videoxogos, xoguetes, revistas, xornais, series de televisión...
- O noso Estatuto de Autonomía recolle que o galego e o castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- Usar o galego está ben para a xente maior e/ou do rural, pero non para a xente moza.
- Falar galego non serve se marchamos fóra de Galicia.

E ti de cal vés sendo?



Neste reto deberás ler estes textos extraídos de diversas obras da literatura galega e identificar a que xénero literario pertencen.

Ao final deberás anotar o número de textos poéticos, narrativos e teatrais que hai, resolver a operación e poñer no recadro a solución.

Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña. No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés. [...] Que saben disto os nenos da vila!

X. Neira Vilas

*Adios, ríos, adios, fontes;
adios, regatos pequenos;
adios, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.*

*Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,*

*prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
parariños piadores,
casiña do meu contento,*

Rosalía de Castro

—Eu non dixen iso. As cousas concretas que estás a vivir agora non llas tes que contar a ninguén, primeiro porque son túas e segundo polo que remato de dicirche. Con todo, estas cousas están a espertar en ti unhas vivencias especiais, unhas vibracións dos sentimentos, que che abren os ollos a outras situacións da vida.

M^a Victoria Moreno

Entra a morte vestida de mendicante.

MORTE: (Chamando) Ei, da botica!

BOTICARIO: Que Deus o ampare, meu santo!

MORTE: E logo, non me podería dar unha meiciña pagándolla ben?

BOTICARIO: Polo seu prezo véndolle a botica enteira.

MORTE: Ai, se me poidese vender a súa sabedoría de boticario! Dáballe canto quixera.

BOTICARIO: Tan rico é o meu home?

MORTE: Non son tan probe como parezo.

Castelao

Rosa: Todo o que non é normal trae mala sorte. Que é normal?

Elvira: O que segue a norma.

Rosa: E quen marca as normas?

Elvira: Nós non.

Rosa: Non. Nós non.

Paula Carballeira

[...]

O infinito conmóveme e vivo na túa morte
a ledicia de non perderte
para sempre
mentras a herba medre
mentras a herba medre.

Olga Novo

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando ouvíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can e entraba na sala un novo personaxe en compañía do frío vento marzal. Xa estaban dende cedo as escribás, nai e filla, ocupando o mellor sitio rente á cheminea (o escribán restaba na casa chorando a luz que lle facía gastar aquel endiañado preito de Oseira). O crego sentado coma sempre no grande arcaz labrado, atufaba de rapé as nocas peludas e deixaba ver as polainas de guerra baixo o balandrán verdecente.


Otero Pedrayo



Texto narrativo + texto teatral x texto poético=

#2

Que non te líen!



Nesta lista de palabras hai algunhas que conteñen erros ortográficos (porque lles falta ou sobra o acento, porque foron escritas cunha grafía incorrecta...). Averigua cales son.

No recadro correspondente a este 3º reto anota o número de palabras BEN escritas.

abogacía

vasoira

incluír

corazons

guión

bíceps

harmonía

polvo

arbore

reptil

abogacía

baleirar


téxtil

voda

estranxeiría

xenuínas

Cada ovella coa súa parella




Ao vivirmos nunha comunidade bilingüe, estamos en contacto con varias linguas e ás veces resúltanos inevitable mesturalas. Este reto consiste en identificar os erros cometidos nestas oracións por interferencias lingüísticas co castelán.

No recadro correspondente a este 4º reto deberás anotar o número de palabras intrusas atopadas.

1. En primer lugar hai que chear unha olla de papel con palabras e logo xa buscaremos a súa interpretación.
2. Quenes están de acordo co proxecto que expuxo o señor Presidente?
3. Tiña a completa seguridade de que iba a ganar moitos cartos nalgún lugar lexos de aquí.
4. O meu entrenador ten vacacións en Xulio e irá saltar olas á praia da Lanzada.
5. Profesora, na clase do lado hay una rapaza co móvil e unha parexa de rapaces movendo as sillas de sitio.

Que me estás a contar!



Le este texto con atención e marca na táboa se as afirmacións que aparecen son verdadeiras ou falsas.

No recadro correspondente a este 5º reto deberás anotar o número de respostas VERDADEIRAS que identificaches.

Cal é o cuarto no que pasas máis tempo na túa casa? Un estudio recente —feito, iso si, por unha compañía de mobles, Conforama— acaba de preguntar polos lugares do fogar que a xente prefere. Os datos son claros: para máis da metade das persoas enquisadas (a mostra é de toda España), o salón é «a estancia máis importante da casa».

A importancia do salón é, de feito, superior á que se lle dá a outros cuartos en cuestións de decoración. Para un 60% da poboación, a sala debe ter un estilo integrado e homoxéneo, que é o que pasa na súa. Isto é, fan un esforzo á hora de deseñar como debe ser ese espazo e os elementos que meten nel. Pola contra, isto só ocorre no 29% coa cociña e no 12% no dormitorio.

E como é ese salón que tanto aman? O retrato robot do salón medio español é o dun lugar duns 18 m² no que, no 80% dos casos, tamén está o comedor. Canda todo, o máis importante non é, nin de lonxe, esa mesa. Para o 87% de quen respondeu ao estudio, o sofá é «o moble máis indispensable». Vai por diante da mesa comedor (63%) e das cadeiras (43%, unha cifra un tanto sorprendente porque... para que queres unha mesa sen cadeiras para sentar?).

Un sofá ideal debe ser cómodo (96,5%) e duradeiro (93,2%), así como a xogo do resto da sala (un 80,3% escolle pensando en que combine). Por agora, o sofá máis popular é o de tres prazas (48,1%, fronte ao 19,2% de, por exemplo, o sofá cama) e o de tela (73%, fronte ao 13,3% que prefere o coiro).


Se se ama o salón é porque este espazo é, agora, o epicentro da vida familiar. Isto é, aí é onde facemos xa todo. Comemos, celebramos, teletraballamos ou temos o momento de relax na sala, lembran nas conclusións do estudio. Así, un 91,6% da xente coa que falaram usa o salón para ver a tele, un 79% para relaxarse, un 70% para comer e outro 70% para ler.

Pregúntome tamén se hai aquí un cambio cultural ou xeracional, mesmo se hai diferencias xeográficas. O estudo non desagrega tanto os datos, pero se me preguntades cal é o lugar da casa máis importante e no que se fai máis vida, penso que vos diría —e seguramente por inercia— que a cociña. Isto é, a cociña é o lugar no que tradicionalmente pasei máis tempo de vida familiar e era o epicentro das casas dos meus avós. Claro que había un salón, pero non se usaba tanto ou nada. As mesas de comedor que os ocupaban eran empregadas de forma ocasional. Mesmo na casa cos meus pais, onde si que se usaban os sofás da sala para o tempo de ocio, sinto tamén que a cociña era, en realidade, máis importante.

VERDADEIRO ou FALSO?


1. O salón é o cuarto que máis xente considera o máis importante da casa...
2. A maioría da xente pensa que o moble máis indispensable do salón é a mesa de comedor...
3. A xente fai máis esforzo en decorar o salón ca a cociña ou o dormitorio...
4. O estudo foi realizado por unha universidade pública...
5. O sofá máis popular é o de tres prazas e de tea...

Oooooorde!




Alguén abriu as portas deste armario e deixou escapar todas estas palabras. Tiñámolas ordenadas por categorías gramaticais (clases de palabras). Podes axudarnos a ordenalas outra vez colocándoas no caixón axeitado?

No recadro correspondente a este 6º reto deberás anotar o número que resulte de realizar a operación que aparece ao final.




**CADEIRA · CUARTO ·
QUECER · MORNA ·
ATA · LUNS · COR ·
LECER · PÓR · SON ·
VEZ · DUCIA · QUENTE ·
POR · DOCE · PINGA ·
FARTURA · AGRE · EN ·
FIN · ENCAIXE · ÁS ·
FUXIR · NEGAR · FRÍO ·
AZUL · XUNTANZA ·
LER · MOL · LENE ·
DURA · PARA · CRU ·
VARRER · VASOIRA ·
CELESTE · CORUÑESA ·
LEITE · FORTE · PESA ·
MAN · XEONLLO · PÉ ·
PO · PUS · SUR · RIR**

(Substantivos - adxectivos) x (verbos - preposicións) =



O falar non ten cancelas




Para superar o seguinte reto deberás atopar que refráns se agochan aquí unindo as dúas partes que os forman.

Conta o número de veces que NON se cruzan as liñas que unen as pezas e anota ese número no recadro correspondente a este 7º reto.

- | | |
|--------------------------------|-------------------------------|
| 1. Nunca choveu ... | a. ... nela se deita. |
| 2. Quen boa cama fai ... | b. ...que non escampara. |
| 3. Quen con lobos anda ... | c. ...a ouvear aprende. |
| 4. Morte duns ... | d. ... ben se lambe. |
| 5. Quen coas mans non pode ... | e. ... cos dentes acode. |
| 6. Unha fouce ... | f. ... esterco doutros.. |
| 7. O boi solto ... | g. ... que dar centeo. |
| 8. Do pecado da ignorancia ... | h. ... non fai sega. |
| 9. Non é o mesmo predicar ... | i. ... fai o demo a ganancia. |
| 10. Urdir e tecer ... | l. ... non pode ser. |

Feito para facer facendo



Sabemos que o verbo é un tema que non gusta e trae á xente de cabeza, mais non podemos escapar del porque o necesitamos para expresar as accións, os procesos.. Seguro que ti o tes dominado! Demóstrao clasificando os verbos destacados en letra grosa nestas oracións na táboa de abaixo.

No recadro correspondente a este 8º e último reto deberás anotar o número de verbos en PRESENTE de INDICATIVO que atopaches e restarlle o dos que estean en PRETÉRITO de INDICATIVO. Ollo! Pode ser que algún dos verbos subliñados non estean neses tempos ou nese modo...

1. Neste xornal **atoparemos** a información que **necesitamos**.
2. Quen **colleu** o lapis que **deixei** enriba da mesa?
3. A miña avoa **prepara** unhas empanadas riquísimas. **Proba!**
4. O próximo luns **comezaremos** cos adestramentos. **Apúntaste?**
5. Oxalá che **guste** a película. A min **encantoume!**
6. Cando **tiña** sete anos **ía** a esa escola.
7. Se **vises** a ilusión que lle **fixo** o agasallo que lle **deu** a súa tía...

PRESENTE INDICATIVO	PRETÉRITO INDICATIVO

Nº de verbos en PRESENTE de IND. - nº de verbos en PRETÉRITO de IND. =